



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

EXPTE. NÚM. 2023/E001/000011

2ª ACTA DO TRIBUNAL QUE REXE O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIÓNS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Na casa do Concello de Laxe (A Coruña), sendo ás 13:10 h do día 12 de marzo de 2024, reúnense as persoas que deseguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que avaliará os méritos que acreditaron as aspirantes presentadas ao concurso para a cobertura en propiedade de tres prazas de auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral fixo.

O tribunal está integrado polos seguintes membros:

Presidenta: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Vogais:

- M^a. Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello
- Isabel M^a. Castro Añón, Xefa do Negociado de contabilidade deste concello
- Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo deste concello.

Secretaria: Sandra Vázquez Mira, Xefa do Negociado de secretaría deste concello

A sra. presidenta declara constituído o tribunal.

Visto que concluíu o período de 10 días hábiles para a presentación de posibles reclamacións e alegacións á baremación, en relación co proceso de estabilización de emprego temporal para cubrir mediante o sistema de concurso de tres prazas de auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral fixo.

Visto que non se presentaron alegacións nen reclamacións ao respecto da baremación do mencionado concurso.

Ao abeiro do que dispón a base novena das bases da convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023 de 23/05/2023 e publicadas no BOP núm. 100, de 29/05/2023; o Tribunal por unanimidade

Acorda:

Primeiro.- Elevar á Alcaldía xunto coa acta da última sesión, a lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa puntuación total obtida, para a cobertura en propiedade das tres prazas de auxiliar de SAF convocadas e a adquisición da condición de persoal laboral fixo:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	COÑECEMENTO GALEGO	TOTAL
1	LUZ ÁLVAREZ VALIÑA	***5529**	100	APTA	100
2	MARTINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ	***3228**	100	EXENTA	100
3	ANA ALBORÉS LEMA	***1770**	100	APTA	100

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 13:15 h do día sinalado, dispoñendo a sra. Presidenta que se redacte a presente acta que subscriben todos os membros do Tribunal,

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL

OS VOGAIS

A SECRETARIA DO TRIBUNAL